

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA 2º ESO
Ciencias Sociais 2019-20

CPI DOS DICES
2º ESO
CIENCIAS SOCIAIS
19 MAIO 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

| CRITERIO DE AVALIACIÓN | ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE |
|--|--|
| ▪B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | ▪ XHB 3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. |
| ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB 3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. |
| ▪B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. |
| ▪B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. |
| ▪ B2.2. Coñece a poboación europea e mundial no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións. Distinguir e comprender unha pirámide de poboación. | ▪ XHB2.2.1. Coñece as características da poboación europea e mundial. Comprende a utilidade das pirámides de poboación. |
| ▪B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. |
| ▪B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. |
| ▪B3.12. Comprender as características da arte na Idade Media. | ▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. |

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

| | |
|---|---|
| AVALIACIÓN | <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">-Produccións de textos orais de distinta tipoloxía.-Produccións de textos escritos de distinta tipoloxía.-Lecturas cotiáns, académicas e literarias en soporte dixital e papel.-Probas específicas orais e/ou escritas.-Entrevistas por videochamada.-Observación directa do traballo cotián.-Traballos monográficos.-Actividades do libro de texto. |
| | <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">-Diario da profesora.-Rexistro de seguimento do caderno do alumnado.-Revisión da presentación de textos orais e escritos.-Corrección de probas específicas orais e escritas de distinto tipo (de desenvolvemento, relación, ordenación, comentario etc.). |
| CUALIFICACIÓN FINAL | <p>A cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións. A esta nota poderá sumárselle ata un punto e medio que será o resultado da entrega de traballos e interacción oral durante o período de clases en liña.</p> |
| PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO | <p>O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderá realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de acordo co calendario e horario fixado polo centro. Esta proba escrita será cualificada de 1 a 10 puntos e representará o 100% da cualificación final. Esta proba poderá ser substituída por unha proba en liña (no caso de ser posible) ou pola presentación de</p> |

| | |
|-------------------------------------|--|
| | traballos escritos de acordo cos estándares imprescindibles recollidos neste documento. |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Entrega de exercicios por avaliacións e proba escrita na 1ª e 2ª avaliación -Na 3ª, non presencial, enviaráselle á Classroom resumos ou exercicios correspondentes a este derradeiro trimestre. -O alumnado con insuficiente nas dúas primeiras avaliacións enviarán resumos dos temas correspondentes a cada unha delas. |
| | <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Nas avaliacións presenciais é preciso acadar un mínimo de 2.5 puntos na proba escrita para poder facer media con outros 2,5 puntos de entrega de exercicios. -Na última avaliación non presencial, acadarase o suficiente co envío dos resumos dos diferentes temas. |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Proba escrita máis entrega de actividades (nos dous primeiros trimestres). -Envío de resumos á Classroom (terceira avaliación). |

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso ampliación)

| | |
|-------------|---|
| ACTIVIDADES | <ul style="list-style-type: none"> -Realización de fichas de reforzo das unidades completadas ata a suspensión das clases presenciais. -Realización de fichas de ampliación de carácter voluntario de cada unidade completada durante o primeiro e segundo trimestre. -Realización de traballos de recuperación para o alumnado con avaliación negativa na primeira e/ou segunda avaliación. |
|-------------|---|

| | |
|----------------------|---|
| | <p>-Actividades de interacción oral nas clases en liña.</p> <p>-Realización de traballos escritos focalizados nas solución de problemas, xerar cuestións no propio alumnado e analizar noticias conectando o pasado coa súa realidade.</p> |
| METODOLOXÍA | <p>Co alumnado con conectividade procurarase replicar, malia todas as limitacións que as circunstancias impoñen, a metodoloxía empregada durante as clases presenciais. Deste xeito, tentaremos facilitar e estimular a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e a adquisición de competencias clave por medio dunha metodoloxía activa e o traballo colaborativo. O alumnado tivo á súa disposición o material electrónico do que xa gozaba antes da suspensión das clases presenciais, e este será a base do traballo durante este terceiro trimestre.</p> <p>Co alumnado sen conectividade procurarase o envío do material a través doutros medios, coma os servizos sociais do concello de Rois.</p> |
| MATERIAIS E RECURSOS | <p>Libro electrónico edixgal Plataforma de lectura galiciale Clases en liña a través de WEBEX MEETINGS E CLASSROOM. Ligazóns a materiais audiovisuais GEOgrafiainfinita.com https://www.worldometers.info/world-population/ https://www.un.org/es/sections/issues-depth/population/index.html https://www.populationpyramid.net/</p> |

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| | |
|--|--|
| <p>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</p> | <p>Tanto o alumnado coma as familias, xa están sendo informadas no momento de modificación desta programación didáctica polos seguintes medios: Abalar móbil. Mensaxería de Edixgal. Correo electrónico. Teléfono. Mensaxería instantánea. A labor inestimable das titorías.</p> |
| <p>PUBLICIDADE</p> | <p>Páxina web do centro.</p> |